


# INSUPERABLE

Castelo de Soutomaior

SINTE RÍAS BAIXAS

GALEGO/ESPAÑOL



DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA

 ríasbaixas



Edita: Turismo Rías Baixas—Deputación de Pontevedra

Fotografías: Archivo Turismo Rías Baixas

Diseño e maquetación: Anónimo Advertising

Depósito Legal: VG 418-2017



**DEPUTACIÓN**  
PONTEVEDRA





# Insuperable castelo de Soutomaíor

# Insuperable castillo de Soutomaíor

SOUTOMAÍOR **RÍAS BAIXAS**

Este conxunto arquitectónico, metade fortaleza medieval, metade palacio neogótico, é unha xoia das Rías Baixas non só polo seu valor patrimonial, senón por todas as lendas que o rodean. **Insuperable.**


Este conjunto arquitectónico, mitad fortaleza medieval, mitad palacio neogótico, es toda una joya de As Rías Baixas, no solo por su valor patrimonial, sino también por todas las leyendas que giran en torno a él. **Insuperable.**



DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA



X riasbaixas



## ÍNDICE/ÍNDICE

- Pág. 7 **Os inicios**  
Los inicios
- 9 **Etapa residencial**  
Etapa residencial
- 11 **O parque**  
El parque
- 14 **Mapa**  
Mapa
- 17 **Información**  
Información



DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA

X riasbaixas

## Os inicios

O castelo de Soutomaior é un conxunto arquitectónico composto por dúas torres unidas por un edificio habitable e un patio de armas, rodeados por unha dobre muralla. A súa orixe remóntase ao século XII, durante o reinado de Afonso VII, e está vinculado á figura de Paio Méndez Sorrede. Nun primeiro momento concibiuse como unha edificación fortificada de carácter militar e no século XV evolucionou de torre de defensa a fortaleza con dobre recinto amurallado.

O seu estratéxico emprazamento non se debe só á altura ou á inaccesibilidade; as súas principais vantaxes nacen de atoparse escondido ante as posibles invasións por mar e da súa capacidade para señorear as terras do seu feudo e controlar as comunicacións do sur ao norte da provincia.

### Pedro Madruga

Pedro Álvarez de Sotomayor, máis coñecido como Pedro Madruga, foi o personaxe máis singular dos relacionados co castelo. Convertido en lenda pola súa intervención en múltiples episodios da historia de Galicia, coma os seus enfrontamentos cos irmandiños, coa xerarquía eclesiástica e con outras familias nobres, fixo deste castelo a base das súas andanzas no século XV, época de máximo esplendor da casa de Sotomayor. A el débese a reconstrución da fortaleza tras ser destruída nas Revoltas Irmandiñas no século XV.

## Los inicios

El castillo de Soutomaior es un conjunto arquitectónico que consta de dos torres unidas por un edificio habitable y un patio de armas, rodeados por una doble muralla. Su origen se remonta al siglo XII durante el reinado de Alfonso VII y está vinculado con la figura de Paio Méndez Sorrede. En un primer momento fue concebido como una edificación fortificada de carácter militar, hasta que en el siglo XV evoluciona de torre de defensa a fortaleza con doble recinto amurallado.

Su estratégico emplazamiento no se debe solo a la altura o a la inaccesibilidad; sus principales ventajas nacen de encontrarse escondido ante las posibles invasiones realizadas por mar y de su capacidad para señorear las tierras de su feudo y controlar las comunicaciones del sur al norte de la provincia.

### Pedro Madruga

Pedro Álvarez de Sotomayor, más conocido como Pedro Madruga, fue el personaje más singular de los relacionados con el castillo. Convertido en leyenda por su intervención en múltiples episodios de la historia de Galicia, como sus enfrentamientos con los irmandiños, la jerarquía eclesiástica y otras familias nobles, hizo de este castillo la base de sus correrías en el siglo XV, época de máximo esplendor de la casa de Sotomayor. A él se debe la reconstrucción de la fortaleza tras ser destruida por las Revueltas Irmandiñas en el siglo XV.



DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA



Xaríasbaixas

## Etapa residencial

Tras tres séculos en declive e total abandono, a finais do século XVIII adoptou un carácter residencial cando foi adquirido polo marqués de Mos, que colocou o seu escudo de armas na actual entrada sur.

En 1870 a marquesa e o marqués de la Vega de Armijo transformárono en residencia estival, e convertérono nun palacio neogótico no que destacan a capela e a galería de damas. Foron tamén as persoas responsables da creación do parque e dos xardíns que o rodean, nos que daban grandes paseos, sobre todo cando recibían a visita de Afonso XII. A súa herdeira, María Vinyals y Correa, marquesa de Ayerbe, e o seu marido, o doutor Lluria, construíron nas inmediacións do castelo un sanatorio, que hoxe en día funciona como pousada, ademais dun serra-doiro mecánico e un muíño. Non obstante, as actividades políticas de ambos faríanlles perder a propiedade a principios do século XX, o que levou unha vez máis ao progresivo abandono e deterioración da fortaleza. En 1982 a Deputación de Pontevedra adquiriu o castelo e as propiedades que o rodean, e rehabilitou o conxunto pero mantendo sempre a súa estrutura orixinal.

## Etapa residencial

Tras tres siglos en declive y total abandono, a finales del siglo XVIII adquirió carácter residencial cuando fue adquirido por el marqués de Mos, quien colocó su escudo de armas en la actual entrada sur.

En 1870 la marquesa y el marqués de la Vega de Armijo lo transformaron en residencia veraniega, y lo convirtieron en un palacio neogótico en el que destacan la capilla y la galería de damas. Fueron también las personas responsables de la creación del parque y de los jardines que lo rodean, con el fin de dar grandes paseos (sobre todo cuando recibían la visita de Alfonso XII). Su heredera, María Vinyals y Correa, marquesa de Ayerbe, y su esposo, el doctor Lluria, construyeron un sanatorio en las inmediaciones del castillo que hoy en día se ha convertido en posada, además de una serrería mecánica y un molino. Sin embargo, las actividades políticas de ambos les hacen perder la propiedad a principios del siglo XX, propiciando una vez más el progresivo abandono y deterioro de la fortaleza.

En 1982 la Diputación de Pontevedra adquirió el castillo y las propiedades que lo rodean, rehabilitó el conjunto pero manteniendo siempre su estructura original.



DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA



## O parque

O parque e os seus xardíns datan de finais do século XIX. Foron creados polos seus propietarios, a marquesa e o marqués de la Vega de Armijo, que decidiron transformar o castelo nunha casa residencial de veraneo. Durante este proceso naceu un dos xardíns botánicos máis importantes de Galicia.

Para coñecer o parque en profundidade hai tres itinerarios, que discorren polo xardín de camelias, polos viñedos e polo bosque que o rodea.

## El parque

El parque y sus jardines datan de finales del siglo XIX. Fueron creados por sus propietarios, la marquesa y el marqués de la Vega de Armijo, que decidieron transformar el castillo en una casa residencial de veraneo. Durante este proceso nació uno de los jardines botánicos más importantes de Galicia.

Para conocer el parque en profundidad hay tres itinerarios, que discurren por su jardín de camelias, por los viñedos o por el bosque que lo rodea.

**AS CAMELIAS.** A flor de Oriente enche de cor a paisaxe e é a protagonista indiscutible do xardín. Xunto a castiñeiros de máis de 800 anos de antigüidade, as camelias cóntanse por dúcias. Hai ata 25 variedades distintas, de diferentes cores, tamaños e formas, que acompañan as e os visitantes desde a escalinata de acceso ao parque. Ao iniciar de novo o camiño cara ao castelo poden contemplarse os exemplares centenarios que no seu día tiveron o privilexio de ser as primeiras plantas de camelia de Galicia. A súa experiencia engade atractivo a un xardín enmarcado na Ruta da Camelia e recoñecido como Xardín de Excelencia Internacional de Camelia desde 2012. Con todo, en grao de veteranía hai unha clara e única vencedora: a *Camellia japonica* do século XIX, a máis lonxeva de todo o parque. En total, máis de 200 camelias seducen as e os camiñantes.

**OS VIÑEDOS.** O caldo da vide é unha parte importante da idiosincrasia das Rías Baixas e, neste caso, a zona de Soutomaior é recoñecida pola elevada calidade dos seus albariños. Ao avanzar polos viñedos do castelo descóbreanse dous espazos moi distintos: un central, cunha planificación case propia dun xardín, e outro máis escarpado, ao fondo da propiedade.

**O BOSQUE.** Un solo menos fértil e pouco profundo convertido en alfombra natural; así é o terreo forestal de Soutomaior. Extenso e montañoso no seu inicio, este itinerario mestura camelias e especies forestais de forma que o tránsito do xardín ao bosque é moi suave. A capela de San Caetano, un pequeno arroyo e unhas fermosas vistas acompañan as e os camiñantes, que reciben a sombra e o acubillo de todo tipo de especies: arbustos ornamentais, castiñeiros, carballos, piñeiros, eucaliptos, liquidámbar, érbidos e mesmo loureiros.

**LAS CAMELIAS.** La flor de Oriente inunda de color el paisaje y es la protagonista indiscutible del jardín. Junto a castaños de más de 800 años de antigüedad, los camelios se cuentan por docenas. Los hay de hasta 25 variedades distintas, de diferentes colores, tamaños y formas, que acompañan a las y los visitantes desde la escalinata de acceso al parque. Al iniciar de nuevo el camino hacia el castillo se vislumbran los ejemplares centenarios que en su día tuvieron el privilegio de ser las primeras plantas de camelia de Galicia. Su veteranía añade atractivo a un jardín enmarcado en la Ruta de la Camelia y reconocido como Jardín de Excelencia Internacional de Camelia desde 2012. Pero en materia de veteranía hay una clara y única vencedora: la *Camellia japonica* del siglo XIX, la más longeva de todo el parque. En total, más de 200 camelias encandilan a las y los caminantes.

**LOS VIÑEDOS.** El caldo de la vid es una parte importante de la idiosincrasia de As Rías Baixas y, en este caso, la zona de Soutomaior es reconocida por la elevada calidad de sus albariños. Al adentrarse en los viñedos del castillo se descubren dos espacios muy distintos: uno central, que muestra una planificación casi propia de un jardín; y otro más escarpado, al fondo de la propiedad.

**EL BOSQUE.** Un suelo menos fértil y poco profundo convertido en alfombra natural. Así es el terreno forestal de Soutomaior. Extenso y montañoso en su inicio, este itinerario entremezcla camelios y especies forestales de tal manera que el tránsito del jardín al bosque es muy suave. La capilla de San Caetano, un pequeño arroyo y unas hermosas vistas acompañan a las y los caminantes, que recibe la sombra y el cobijo de todo tipo de especies: arbustos ornamentales, castaños, robles, pinos, eucaliptos, liquidámbar, madroños y hasta laureles.





# Descubre cada rincón do castelo de Soutomaioir

## Descubre cada rincón del castillo de Soutomaioir

- 1 Plantación de froiteiras/Plantación de frutales
- 2 Fonte da Marquesa/Fuente de la Marquesa
- 3 Fonte/Fuente
- 4 Castelo/Castillo
- 5 Torre do Conde/Torreón del Conde
- 6 Torre da homenaxe/Torre del homenaje
- 7 Xardín francés/Jardín francés
- 8 Estanque/Estanque
- 9 Toldo de eventos/Carpa de eventos
- 10 Parque infantil/Parque infantil
- 11 Viñado norte/Viñado norte
- 12 Pousada do castelo (antigo sanatorio Lluria)/  
Posada del castillo (ant. sanatorio Lluria)
- 13 Capela de San Caetano/Capilla de San Caetano
- 14 Carballeira/Robledal
- 15 Souto/Soto de castaños
- 16 Viñado central/Viñado central
- 17 Muíño/Molino
- 18 Viñado sur/Viñado sur
- 19 Cadeira da Raíña/Silla de la Reina
- 20 Acceso histórico/ Acceso histórico



Cafetería/Cafetería



Aseos/Aseos



Aparcadoiro/Aparcamiento



Aparcadoiro accesible/Aparcamiento accesible



Camelia/Camelia



Camelia do século XIX/Camelia del siglo XIX



Árbores senlleiras de Galicia/Árboles singulares de Galicia



Árbores e plantas/Árboles y plantas

SENDAS/SENDAS

- As camelias/Las camelias 0,9 Km
- Os viñedos/Los viñedos 1,9 Km
- O bosque/El bosque 2,1 Km

- A Piñeiro de Oregón/Pino de Oregón/*Pseudotsuga menziesii* (Mirb.) Franco  
 B Sequoia/Secuoya/*Sequoia sempervirens* (D. Don.) Endl.  
 C Cedro do Himalaia/Cedro del Himalaya/*Cedrus deodara* G. Don  
 D Falso ciprés de Lawson/Falso ciprés de Lawson/*Chamaecyparis lawsoniana* (Murr.) Parl.  
 E Cedro xaponés/Cedro japonés/*Cryptomeria japonica* D. Don  
 F Magnolia común/Magnolia común/*Magnolia grandiflora* L.  
 G Araucaria de Chile/Araucaria de Chile/*Araucaria araucana* (Mol.) Koch  
 H Camelia/Camelia/*Camellia japonica*  
 I Pinsapo/Pinsapo/*Abies pinsapo* Boiss  
 J Araucaria de Norfolk/Araucaria de Norfolk/*Araucaria heterophylla* (Salisb.) Franco  
 K Fento arbóreo/Helecho arbóreo/*Cyathea cooperi* (F- Muell.) Domin. Franco  
 L Abeto común/Abeto común/*Abies alba* Mill.  
 M Acacia de madeira negra/Acacia de madera negra/*Acacia melanoxylon* R. Br.  
 N Cedro de incenso/Cedro de incienso/*Calocedrus decurrens* (Torr.) Florin  
 O Picea de Sitka/Picea de Sitka/*Picea sitchensis* (Bong) Carr.  
 P Criptomeria/Criptomeria/*Cryptomeria japonica* 'Elegans' D. Don  
 Q Abeto do Cáucaso/Abeto del Cáucaso/*Abies nordmanniana* Spach.  
 R Castiñeiro centenario/Castaño centenario/*Castanea sativa* Mill.  
 S Carballo común/Roble común/*Quercus robur* L.  
 T Cedro azul do Atlas/Cedro azul del Atlas/*Cedrus atlantica* (Endl.) Manetti  
 U Plátano de sombra/Plátano de sombra/*Platanus hybrida* Brot.  
 V Eucalipto cinéreo/Eucalipto cinéreo/*Eucalyptus cinerea* F. Muell. ex Benth  
 W Pitósporo ondulado/Pitósporo ondulado/*Pitopsis undulatum* Vent.  
 X Piñeiro chorón mexicano/Pino llorón mexicano/*Pinus patula* Schiede ex Schldl.  
 Y Oliveira/Olivo/*Olea europaea* L.  
 Z Ciprés dos pantanos/Ciprés de los pantanos/*Taxodium distichum* (L.) Rich.



DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA

X riasbaixas





## Onde estamos/Dónde estamos

Rial, s/n , 36691 Soutomaioir  
+34 986 804 100/+34 886 209 500  
www.depo.es  
www.turismoriasbaixas.com  
castelodesoutomaioir@depo.es



## Como chegar/Cómo llegar

42° 19' 46.092"N · 8° 34' 6.2358"W



## Tarifas/Tarifas

XERAL/GENERAL: 2 euros

REDUCIDA/REDUCIDA: 1 euro

Persoas con discapacidade, desempregadas e estudantes, con acreditación en vigor, e grupos de máis de 10 persoas/Personas con discapacidad, desempleadas y estudiantes, con acreditación en vigor, y grupos de más de 10 personas

GRATUÍTAS/GRATUITAS

Visitas escolares e visita aos xardíns

Visitas escolares y visita a los jardines



## Horario/Horario

Inverno (de outubro a abril)/Invierno (de octubre a abril)  
de martes a domingo: de 10 a 19 h/de martes a domingo: de 10 a 19 h

Verán (de maio a setembro)/Verano (de mayo a septiembre)  
de luns a domingo: de 10 a 21 h/de lunes a domingo: de 10 a 21 h



# INSUPERABLE

Castelo de Soutomaioir

SINTE RÍAS BAIXAS



[www.turismoriasbaixas.com](http://www.turismoriasbaixas.com)

Praza de Santa María, s/n  
36071 Pontevedra

Tel.: +34 886 211 700

